

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEGREIRA

Listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo de 1 praza de docente solfeo linguaxe musical (persoal laboral fixo) mediante concurso, a xornada parcial, da oferta de emprego público extraordinaria 2022

ANUNCIO

Con data de 24 de outubro de 2024 ditouse o Decreto de Alcaldía número 383/2024 cuxo contido é o seguinte:

“DECRETO

ASUNTO: LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO PROCESO SELECTIVO DE 1 PRAZA DE DOCENTE SOLFEO LINGUAXE MUSICAL (PERSONAL LABORAL FIXO) MEDIANTE CONCURSO, A XORNADA PARCIAL, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA 2022 (LEI 20/2021 DO 28 DE DECEMBRO)

EXPEDIENTE OPE: 2024/E002/000001

EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/000412

Vistas as bases xerais e específicas, publicadas no BOP nº243 do 26/12/2022, que regulan as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Negreira incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 que foron aprobadas por resolución de Alcaldía con número 299/2022, de 20 de decembro de 2022; e publicadas no BOP da Coruña núm. 243, do 26 de decembro de 2022.

Vista a convocatoria publicada no BOE nº 99, de 26/04/2023.

Tendo en conta o establecido na base Oitava das que regulan o presente proceso selectivo e unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, de acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e demais normativa concordante e de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo de 1 praza de Docente Solfeo Linguaxe Musical, persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso a xornada parcial:

NOME E APELIDOS	DNI	ESTADO	CELGA 4
ERICA ANDREINA SANTIAGO NIEBLES	*****335-S	ADMITIDA	SI
DAMIÁN CAIRO TOURIÑO	*****798-V	ADMITIDO	SI

Segundo.- Outorgar un prazo de 10 días hábiles, a partir do día seguinte á publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, na sede electrónica da Corporación e na páxina web municipal aos efectos informativos.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito a ser admitido, será definitivamente excluído/a do proceso.

Terceiro.- Os aspirantes que non xustifiquen a posesión do título acreditativo do nivel de lingua galega, correspondente á categoría ou grupo da praza á que aspiran, deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega, que en ningún caso computará como mérito. A proba de coñecemento realizarase unha vez finalizado o concurso de méritos a aquelas persoas propostas para a obtención dunha praza e non será eliminatoria.

Cuarto.- Facer pública esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na sede electrónica e na páxina web do Concello de Negreira.

Negreira, na data das sinaturas electrónica.

O Alcalde .
Manuel Ángel Leis Míguez

Negreira, 24 de outubro de 2024.
O Alcalde
Manuel Ángel Leis Míguez

Ante mín,
A secretaria da corporación
Miriam Naveira Dono. ”